

Estatutos de Amigos dos Museos de Galicia.

Adaptados á Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo.

Amigos dos Museos de Galicia naceu no ano 1975, inicialmente como Colaboradores do Museo Arqueolóxico do Castelo de S. Antón da Coruña. para no 1985 constituírse como "Amigos do Museo Arqueolóxico da Coruña", incorporándose á Federación Española de Amigos de los Museos e promovendo este tipo de asociacionismo en defensa do patrimonio cultural, para o que, no 1991 convocase na Coruña a III reunión da F.E.A.M. No 1997 decídese o cambio da denominación pola actual para indicar de xeito máis sobranceiro o seu servizo á Galicia.



TITULO I

DENOMINACIÓN, DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL.

Artigo 1º.- A denominación da entidade é **AMIGOS DOS MUSEOS DE GALICIA**, constituída como asociación cultural ó amparo do artigo 22 da Constitución Española, e cúa asociación rexirase pola Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo e normas complementarias. A entidade carece de ánimo de lucro e ten personalidade xurídica propia.

Artigo 2º.- Amigos dos Museos de Galicia ten domicilio e espacio de cultura en propiedade, coñecido como "Portas Átabras" en: R/ Sinagoga, 22 - baixo. 15001 A Coruña

Artigo 3º.- O ámbito territorial de actuación abrangue a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

TITULO II

FINS E ACTIVIDADES DE AMIGOS DOS MUSEOS DE GALICIA.

Artigo 4º.- Os fins da entidade son os seguintes:

A.- Contribuír o desenvolvemento e potenciación dos museos e dos seus fins, así como con outros colectivos ou academias de Galicia cas mesmas preocupacións, fomentando a colaboración con e entre eles.

B.- Procurar o coidado, difusión, investigación e sensibilización de canto constitúe a memoria colectiva de Galicia.

C.- Velar pola conservación e divulgación do patrimonio cultural e medioambiental de Galicia.

D.- Fomentar a transmisións de bens culturais a Institucións para garantir a súa conservación e difusión.

E.- Denunciar as actuacións que ameacen a supervivencia e conservación do patrimonio cultural e medioambiental de Galicia.

F.- manter e promover relacións de colaboración e amizade con outras entidades de obxectivos semellantes, e moi especialmente con entidades galegas no exterior.

G.- Involucrar á xuventude galega na defensa do patrimonio cultural e medioambiental da súa terra.

Artigo 5º.-

Amigos dos Museos de Galicia realizará tódalas actividades que considere oportunas para o cumprimento dos seus fins anteriormente expostos, concretándose nas seguintes:

A.- Fomentar o espírito de grupo ca organización de actividades relacionadas cos seus fins.

B.- Promover conferencias, cursiños, xornadas e viaxes guiadas.

C.- Conceder anualmente o premio "Pedra do Destino" ás persoas ou colectivos que manteñan un comportamento sobresaínte para a defensa e difusión do patrimonio cultural e medioambiental de Galicia.

D.- Editar traballos, revistas ou calquera outra publicación ou información gráfica e colaborar cos medios de comunicación como canles para divulgar os fins de Amigos dos Museos de Galicia.

E.- Fomentar o emprego de internet e calquera outro medio dixital para promover os fins de Amigos dos Museos de Galicia.

F.- Crear estruturas de voluntariado para a actividade e fins de Amigos dos Museos de Galicia, así como dos museos que soliciten axuda a esta entidade para este obxecto.

TITULO III

CATEGORÍAS, DEREITOS E OBRIGAS DOS SOCIOS E PERDA DA CALIDADE DE SOCIO.

Artigo 6º.- A calidade de socio adquirese unha vez o Presidente de o visto e praxe á solicitude asinada pola persoa física que o demande. Non poderá ser causa de inadmisión motivos de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 7º.- Os socios maiores de 18 anos e con capacidade de obrar serán socios numerarios. Dentro desta categoría estarán tamén os socios fundadores, así nomeados por ser os promotores desta entidade.

Artigo 8º.- Dereitos dos socios numerarios:

A.- Tomar parte con voz e voto nas reunións da Asemblea Xeral.

B.- Ser elector e elixible para os cargos da Xunta Directiva.

C.- Disfrutar do local social e bens da entidade coidando da súa conservación.

D.- Participar nas actividades que organice Amigos dos Museos de Galicia para o cumprimento dos seus fins ou para a convivencia dos seus membros, cas limitacións que se deriven do número posible de asistentes e sen prexuízo das cotas que poidan existir para determinadas actividades.

Artigo 9º.- Obrigas dos socios numerarios:

A.- Cumprir cos Estatutos e cos acordos dos órganos de goberno.

B.- Satisfacer as cotas

C.- Manter unha conducta que facilite a convivencia e confraternización dos asociados e moi especialmente nas actividades en grupo.

D.- Absterse de realizar actividades contra Amigos dos Museos de Galicia, nos seus locais ou fora deles, que prexudiquen o desenvolvemento dos fins asociativos.

Artigo 10º.- A Xunta Directiva poderá propoñer á Asemblea Xeral o nomeamento de Presidente ou socios de honra para aquelas persoas que destacaran no apoio a este colectivo ou ós seus fins.

Artigo 11º.- A Xunta Directiva poderá nomear socios colaboradores a aquelas persoas que colaboren puntualmente con algunhas das actividades de Amigos dos Museos de Galicia, como tamén cos museos ou institucións preocupados na defensa do patrimonio cultural.

Artigo 12º.- Os socios menores de trinta anos serán socios xuvenís, sen prexuízo de ser tamén socios numerarios se son maiores de idade.

Artigo 13º.- Os socios xuvenís menores de idade, os de honra e os colaboradores terán dereito a participar nas actividades da entidade e terán dereito de voz nas Asembleas de Amigos dos Museos de Galicia, pero non de voto, tendo en todo caso as mesmas obrigas cos socios numerarios.

Artigo 14º.- Perda da condición de socio.

A.- Por renuncia do propio interesado.

B.- Por acordo da Xunta Directiva baseado no incumprimento das obrigas estatutarias e previo requirimento ó socio de que realice por escrito as alegacións que considere oportunas nun prazo máximo de quince días á apertura do proceso sancionador.

TITULO IV

ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 15º.- Son órganos de goberno de Amigos dos Museos de Galicia a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e o seu Presidente.

Nos órganos colectivos os acordos tomaranse sempre pola maioría dos asistentes.

Artigo 16º.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de Amigos dos Museos de Galicia e estará integrada por tódolos socios, pero o derito de voto só recaerá sobre os socios numerarios.

Artigo 17º.- A Asemblea Xeral ordinaria reunirase unha vez ó ano, dentro do primeiro semestre do mesmo. É competencia desta Asemblea coñecer e aprobar, no seu caso, os seguintes asuntos:

- Memoria de actividades e conta de gastos do ano precedente.
- Plan de actividades do ano en curso.
- Orzamentos de gastos e ingresos do ano en curso.
- Nomeamento de socios de honra.
- Marcar as cotas sociais de Amigos dos Museos de Galicia.

Artigo 18º.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter extraordinario para os seguintes asuntos:

- Modificar os Estatutos da entidade.
- Elixir ó Presidente e demais membros da Xunta Directiva. Para a elección do presidente na mesma Asemblea Xeral presentarase as candidaturas que obrigatoriamente incluírán tódolos membros da xunta directiva proposta.
- Acordar o cese da Xunta Directiva mediante moción de censura ó presentarse unha candidatura alternativa.
- Acordar a adquisición, enaxenación ou gravame de bens inmobles.
- Disolución da Asociación e nomeamento dos Liquidadores.

Artigo 19º.- A Asemblea Xeral será convocada polo Presidente e remitida a tódolos socios con quince días de antelación indicando a orde do día e o lugar, data e hora de xuntanza en primeira e segunda convocatoria. Para dar validez a Asemblea en primeira convocatoria será necesario a asistencia de máis dun tercio dos membros presentes ou representados. A segunda convocatoria terá lugar calquera que sexa o número. Os socios poderán ser representados por outro socio sempre que exista delegación por escrito.

Serán presidente e secretario da asemblea os que ostenten estes cargos na Xunta Directiva e, no seu defecto e respectivamente, o vicepresidente e tesoureiro da mesma. Caso de inasistencia de estes cargos na Asemblea, será esta quen os nomee.

A Asemblea Xeral será convocada con carácter extraordinario cando así sexa esixido por un dez por cento dos socios, con expresión dos asuntos a tratar. Tamén o dez por cento dos socios poderá propoñer os asuntos que estime convintes de figurar na orde do día da primeira Asemblea que teña lugar.

A Asemblea requirirá da maioría absoluta dos votos emitidos cando trate da disolución da entidade, modificación de estatutos e disposición, enaxenación ou gravame de bens inmobles.

O secretario da Asemblea levantará acta da mesma, que será asinada polo mesmo secretario e co visto e prace do Presidente.

**Artigo 20º.- Amigos dos Museos de Galicia terá una Xunta Directiva con competencia sobre tódolos actos propios da finalidade da asociación e que non sexan da competencia exclusiva da Asemblea Xeral
Corresponde á Xunta Directiva a execución dos acordos da Asemblea Xeral.**

Artigo 21º.- A Xunta Directiva estará composta por Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e cantos vocais considerese oportuno. Unha destas vocalías estará reservada para o Presidente da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario ou persoa na que delegue.

A convocatoria da Xunta Directiva corresponde ó presidente, que deberá facelo cun mínimo de coarentaeito horas con respecto a data sinalada, e quedará validamente constituída ca presenza dun tercio dos membros.

Artigo 22º.- Os membros da Xunta Directiva exercerán as súas funcións durante catro anos a contar dende a data de elección do Presidente. O seu mandato rematará na celebración da primeira Asemblea Xeral do ano no que corresponda o cese.

Artigo 23º.- O Presidente terá a representación legal da entidade, sen perxuízo de que a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral nomee outros representantes para asuntos concretos.

Será asistido polo vicepresidente que será quen o sustitua en casos de ausencia, vacante ou imposibilidade accidental por calquera causa.

Artigo 24º.- O secretario custodiará os libros que legalmente deba levar a Asociación. Levantará actas das xuntanzas de Amigos dos Museos de Galicia e levará o libro de socios. Corresponde ó secretario a facultade de certificar os acordos sociais, sempre co visto e praxe do presidente.

Artigo 25º.- O tesoureiro ordenará os pagos de Amigos dos Museos de Galicia co visto e praxe do Presidente ou no seu defecto do secretario. Levará a contabilidade de Amigos dos Museos de Galicia, tomando razón e levando conta dos ingresos e gastos asociativos. Será da súa responsabilidade levar un libro co inventario dos bens de Amigos dos Museos de Galicia.

Artigo 26º.- Os vocais exercerán as funcións que lles encomende a Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva. Poderán exercer en función os cargos que queden vacantes ata a celebración da vindeira Asemblea Xeral. Dentro da Xunta Directiva funcionará unha sección xuvenil adicada ás actividades deste tipo de socios.

Artigo 27º.- Son causas de cese dos membros da xunta directiva as seguintes:

- a) A perda da condición de socio,**
- b) A renuncia do interesado,**
- c) Por incumprir as obrigas encomendadas,**
- d) Por expiración do prazo de mandato.**

O cese, por calquera motivo, do Presidente levará aparelada a renovación total da Xunta Directiva nunha Asemblea a celebrar no prazo máis breve posible.

TITULO V

DOCUMENTACIÓN, ADMINISTRACIÓN E CONTABILIDADE.

Artigo 28º.- Amigos dos Museos de Galicia disporá de Libro de Actas de Asembleas, Libro de Actas de Xuntas Directivas e Libro de socios baixo a responsabilidade do secretario.

Artigo 29º.- Amigos dos Museos de Galicia disporá tamén de Libro de contabilidade e Libro de Inventario de bens baixo a responsabilidade do tesoureiro.

Artigo 30º.- Amigos dos Museos de Galicia no momento da súa fundación carecía de patrimonio propio.

Artigo 31º.- Amigos dos Museos de Galicia disporá dos recursos económicos derivados das cotas de asociación, de actividades e das subvencións e patrocinios que poida recibir por razón dos fins e das actividades que lle son propias.

Artigo 32º.- O exercicio asociativo e máis económico pecharase o 31 de nadal de cada ano.

TITULO VI

DISOLUCIÓN.

Artigo 33º.- Será causa de disolución a imposibilidade de Amigos dos Museos de Galicia para levar a cabo o cumprimento dos seus fins; tal disolución requirirá o acordo dunha Asemblea Xeral extraordinaria.

Artigo 34º.- Salvo que a Asemblea Xeral acorde outra cousa serán liquidadores os membros da Xunta Directiva.

Artigo 35º.- O patrimonio social resultante da disolución entregarase á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, quen en todo momento será garante de que os bens de Amigos dos Museos de Galicia sirvan para a defensa do patrimonio cultural de Galicia, no que coinciden ambas dúas institucións.

Artigo 36º.- Como entidade sen ánimo de lucro en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados ós recursos obtidos por Amigos dos Museos de Galicia.

DISPOSICION ADICIONAL

En tódo o non previsto nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación e as disposicións complementarias.

DILIXENCIA

Extendida polo Secretario de Amigos dos Museos de Galicia, para facer constar que o contido dos presentes Estatutos é o aprobado pola Asemblea Xeral do día 21 de febreiro de 2003, que asino no seu final e á marxe dos restantes folios, os cales do mesmo xeito son asinados ademais polo presidente e vicepresidente da asociación.

E para que conste, a 15 de maio de 2003.

O Secretario